

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 18 de xaneiro de 1955 foi aprobado o Consorcio que para o monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172, como pertencente a parroquia de Padrón subscribiran o Concello de A Fonsagrada e o Patrimonio forestal do Estado, a traés da Excmá. Deputación Provincial de Lugo.

2º.- que 9 de marzo de 1961, o Patrimonio Forestal do Estado deu a súa conformidade a creación do pastizal denominada "LAMEIRUAS", LU-3282, que dos gastos de implantación se resarciría con cargo os beneficios que producise o citado monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172.

3º.- Que como queira que tanto no monte como no pastizal se incluíron parcelas de carácter privado, os seus propietarios D. HORACIO FERNANDEZ GOMEZ, D^a ERMITAS ALVAREZ FERNANDEZ, D. MANUEL LOPEZ GEGUNDE, D. JOSE ANTONIO FERNANDEZ VIDAL, e D. JOSÉ MARIA DIAZ FERNANDEZ, en a Fonsagrada, o 29 de novembro de 1995, D^a ERMITAS ALVAREZ FERNANDEZ, D. MANUEL LOPEZ GEGUNDE e D. HORACIO FERNANDEZ GOMEZ, en Lugo, o 20 de decembro do mesmo ano e D. JOSE ANTONIO FERNANDEZ VIDAL e D^a DOLORES ALVAREZ FREIXO, tamén na Fonsagrada, o pasado 22 de decembro, outorgaron Poder Notarial a favor de D. MANUEL PEREZ PEREZ, e D. MANUEL LOPEZ VIDAL para que propuseran a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes:

- a sinatura dun Convenio que afectase as 27,51 Hás. da súa propiedade incluídas no Consorcio do monte "LOMA DA PERGUA", LU-2172 e

- a rescisión do Consorcio do pastizal "LAMEIRUAS", LU-3282, nas 3,67 Hás. da súa pertenza, que no futuro sexán administradas por eles mesmos, resarcíndose a Consellería dos gastos que teñan con cargo a súa participación no Convenio do monte proposto.

4°.- Que por oficio de 2 de xaneiro do ano en curso, esta Xefatura informou de todo elo o Concello de A fonsagrada, co rogo de que remitise Certificacións de Acordo que adouptase manifestando a súa conformidade ou disconformidade con que:

- do Consorcio do monte "LOMA DA PERGUA", LU-2172, se segregasen 27,51 Hás. que pasarían a formar parte dun novo monte denominado "PADRON", a conveniar entre os seus propietarios e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e

- do pastizal "LAMEIRAS", LU-3282, se segregasen 3,67 Hás., que no futuro serían administradas por seus propietarios.

5°.- Que en sesión celebrada o pasado 26 de xaneiro o Concello da Fonsagrada mostrou a súa conformidade a segregación e a cancelación propostas.

6°.- Que en consecuencia, o novo monte "PADRON" queda constituído por:

27,51 Hás. do monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172.

7°.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas nas 27,51 Hás., a súa conservación, tratamentos selvícolas e aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios concordantes con tales fins.

8°.- Que as superficies do monte "LOMA DA PERGUA", LU-2172, son:

superficie total.	114,00 Hás.
superficie repoboada.....	114,00 "

O monte "PADRON", pasan:

superficie total.	27,51 "
superficie repoboada.....	27,51 "

9°.- Que as superficies do pastizal "LAMEIRUAS", LU-3182, son:

superficie total.	8,00 Hás.
superficie pastizal.	8,00 "

se cancelan:

superficie total.	3,67 Hás.
superficie pastizal.	3,67 "

10°.- Gastos por traballos e ingresos do monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1995.	10.100.732,-Ptas.
--------------------	-------------------

b) Ingresos:

o 31-12-1995	631.280,- "
--------------------	-------------

11°.- Gastos por traballos e ingresos do pastizal "LAMEIRAS", LU 3282.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1995:	1.716.995,-Ptas.
---------------------	------------------

b) Ingresos:

o 31-12-1995.	-
--------------------	---

12°.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas dos consorcios do monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172 e do pastizal "LAMEIRAS", LU-3282 pasan a conta do Convenio do monte "PADRON", son:

a) GASTOS:

do monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172

traballos: 27,51 Hás. x 10.100.732,-Ptas.... 2.437.466,-Ptas
114 Hás.

administración: 7,85 x 2.437.466,-Ptas. ... 191.341,- "
104,00 Hás.

gardería: 27,51 Hás. x 1.490,-Ptas. 40.990,- "

del pastizal "LAMEIRUAS", LU-3282

traballos: 3,67 Hás. x 1.716.995,-Ptas.... 787.671,- "
8,00 Hás.

administración: 7,85 x 787.671,-Ptas. 61.832,- "
100

gardería: 3,67 Hás. x 1.145,-Ptas./Há. ... 4.202,- "

TOTAL GASTOS,..... 3.523.502.-Ptas.

b) INGRESOS:

del monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172

27,51 Hás. x 631.280,-Ptas. 152.338.-Ptas

del pastizal "LAMEIRUAS", LU-3282

3,67 Hás. x 0,- Ptas. -

8,00 Hás.

TOTAL INGRESOS. 152.338,-Ptas

13°.- E que a conta do Convenio do monte "PADRON", se abrirá cun saldo de:

3.523.502,- pesetas - 152.338,-pesetas... 3.371.164,.Ptas.

=====

Á vista de todo íso, esta Xefatura propón a V.E.:

1º.- Que se aprobe o Convenio do monte das seguintes características:

Nome: "PADRON".

Elenco: 2717560.

Superficie: 27,51 Hás.

Pertenza: D. MANUEL PEREZ PEREZ e outros veciños.

Concello: A Fonsagrada.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Propiedade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "PADRON", 2717560, se abra cun saldo de 3.371.164,- pesetas, sen perxuicio dos gastos e ingresos que puidesen te-las contas do Consorcio LU-3282, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que as características do monte LU-2172, no sucesivo, sexan as seguintes:

Nome: "LOMA DE LA PERGUA".

Elenco: LU-2172.

Superficie: 86,49.

Pertenza: Parroquia de Padrón.

Concello: a Fonsagrada.

4º.- Que por pasar a conta do monte "PADRON", 2717560, das contas do Consorcio do monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 27,51 Hás. x 10.100.732,-Ptas. 2.437.466,-Ptas
114 Hás.

ingresos: 27,51 Hás. x 631.380,-Ptas. 152.338,- "
114 Hás.

5º.- Que as características do pastizal LU-3282, no sucesivo, sexan as seguintes:

Nome: "LAMEIRUAS".

Elenco: LU-3282.

Superficie: 4,33 Hás.

Pertenza: Parroquia de Padrón.

Concello: A Fonsagrada.

6º.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "PADON", 2717560, das contas do Consorcio do pastizal "LAMEIRUAS", LU-3282, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 3,67 Hás. x 1.716.995,-Ptas. 787.671,-Ptas.
8 Hás.

ingresos: 3,67 Hás. x 0,-Ptas. -
8 Hás.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.: Plácido Baamonde López.



VºBº

O DIRECTOR XERAL,

Ado.: Carlos del Alamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de segregación parcial do Consorcio do monte "LOMA DE LA PERGUA" e a súa transformación un Convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e os propietarios do monte "PADRON" constituído por 27,51 Hás. do citado monte "LOMA DE LA PERGUA", así como o expediente de segregación de 3,67 Hás. do Consorcio do pastizal "LAMEIRUAS" e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio e a rescisión parcial do consorcio do pastizal "Lameiruas" nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 1996.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A circular blue stamp from the Xunta de Galicia, Sección Xeral de Montes, with a handwritten signature over it.

Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

Que se aprobe o Convenio do monte coas seguintes características:

Nome: "PADRON".

Elenco: 2717560.

Superficie: 27,51 Hás.

Pertenza: D. MANUEL PEREZ PEREZ e outros veciños.

Concello: A Fonsagrada.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1% anual.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "PADRON", 2717560, se abra cun saldo de 3.371.164,- pesetas, sen perxuício dos gastos e ingresos que puidesen te-las contas do Consorcio do monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172 e do pastizal "LAMEIRUAS", LU-3282, con psoterioridade a data de seupeche.

3º.- Que as características do monte LU-2172, no sucesivo, sexan as seguintes:

Nome: "LOMA DE LA PERGUA".

Elenco: LU-2172.

Superficie: 86,49.

Pertenza: Parroquia de Padrón.

Concello: A Fonsagrada.

4°.- Que por pasar a conta do monte "PADRON", 2727560, das contas do Consorcio do monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 27,51 Hás. x 10.100.723,-Ptas. ... 2.437.466,-Ptas.

114 Hás.

ingresos: 27,51 Hás. x 631.380,-Ptas. 152.338,- "

114 Hás.

5°.- Que as características do pastizal LU-3282, no sucesivo, sexan as seguintes:

Nome: "LAMEIRUAS".

Elenco: LU-3282.

Superficie: 4,33 Hás.

Pertenza: Parroquia de Padrón.

Concello: A Fonsagrada.

6°.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "PADRON", 2717560, das contas do Consorcio do pastizal "LAMEIRUAS" LU-3282, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 3,67 Hás. x 1.716.995,-Ptas. 787.671.-Ptas.

8 Hás.

ingresos: 3,67 Hás. x 0,-Ptas. -

8 Hás.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luís Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR.DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	271	7560
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. **ANTONIO LUIS ROSON PEREZ**, por Delegación do Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da Orde do 13.12.1993.

Da outra, D. **MANUEL PEREZ PEREZ**, con D.N.I. nº. 33.729.029 e D. **MANUEL LOPEZ VIDAL**, con D.N.I. nº. 33.726.812, veciños do lugar de Padrón, termo municipal de A Fonsagrada

como representantes dos propietarios do monte **"PADRON"**, segundo se acredita no poder notarial que se xunta.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **18 de Xaneiro de 1.955** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente documento.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo ós propietarios (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio son propiedade dos outorgantes do poder notarial, e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"PADRON".**

Termo Municipal: **A Fonsagrada**

Provincia: **LUGO**

Límites:

N.: **Propiedades particulares;**

L.: **Propiedades particulares;**

S.: **Monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172 e propiedades particulares e**

O.: **Monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172.**

Superficie: **27,51 Hás.**

Estado forestal: **27,51 Hás.**

Con arborado pertencente ós propietarios do chan: **- - -**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
27,51 Hás.

Sen vexetación arbórea: **- - -**

Servidumes: **- - -**

TÍTULO DE PROPIEDAD

Por **herdanza dos seus antepasados.**

Inscrita no Rexistro da Propiedade de **- - -**

Tomo (s) **- - -**

Folio (s) **- - -**

Finca (s) **- - -**

Inscripción (s) **- - -**

3ª.— O chan continuará pertencendo a **D. MANUEL PEREZ PEREZ, a D. MANUEL LOPEZ VIDAL e ó resto dos veciños otorgantes do Poder Notarial**

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dea lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizárase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

Así mesmo satisfará a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes o importe total que corresponda da cota empresarial da Seguridade Social Agraria. Este pagamento terá a consideración de anticipo e como tal se recolle-rá na conta do convenio.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán parcial ou totalmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenca entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicárase á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **27,51 Hás. do monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172.**

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o **trinta** por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o **setenta** por cento restante, para os propietarios do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o **-** por cento, e os propietarios, o **-** por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso ós propietarios.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade dos propietarios, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola propiedade do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscritable no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de **trinta** anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.


A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— ~~Asda. de Manuel Pérez Pérez, en nome do titular do monte, declara que o monte está repoboado con P. sylvestris.~~ O monte está

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.



Asda.: Manuel Pérez Pérez.


Asda.: Manuel López Vidal.

D. CARLOS DEL ALAMO JIMÉNEZ, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Asda.: Manuel Pérez Pérez.

Asda.: Manuel López Vidal.

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,
P/D
O SECRETARIO XERAL,


Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.
(O. do 13/12/93)

En el lugar y parroquia de Padrón, siendo las dieciseis horas del día 28 de Diciembre de 1.995, se reunen D. MANUEL PEREZ PEREZ, con D.N.I. nº. 33.729.029 y D. MANUEL LOPEZ VIDAL, con D.N.I. nº. 33.726.812, ambos vecinos del citado lugar, en el término municipal de Fonsagrada.

En virtud del Poder Notarial que les fué otorgado en Fonsagrada, el 29 de Noviembre de 1.995, por D. HORACIO FERNANDEZ GOMEZ, D^a. ERMITAS ALVAREZ FERNANDEZ, D. MANUEL LOPEZ GEGUNDE, D. JOSE ANTONIO FERNANDEZ VIDAL y D. JOSE MARIA DIAZ FERNANDEZ; del otorgado en Lugo el 20 de Diciembre del mismo año por D^a. ERMITAS ALVAREZ FERNANDEZ, D. MANUEL LOPEZ GEGUNDE y D. HORACIO FERNANDEZ GOMEZ y del otorgado en Fonsagrada el 22 de Diciembre por D. ANTONIO FERNANDEZ VIDAL y D^a. DOLORES ALVAREZ FREIJO, acuerdan:

- proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a las 27,51 Hás. de su propiedad incluidas en el Consorcio del monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172, suscrito por el Ayuntamiento de Fonsagrada con el Patrimonio Forestal del Estado, con lo que las características del monte a conveniar, serán:

Nombre: "PADRON".

Superficie: 27,51 Hás.

Límites:

N.- Propiedades particulares;

E.- Propiedades particulares;

S.- Monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172 y propiedades particulares y

O.- Monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172,

- solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que le afecta, anule y sustituya al Consorcio del monte "LOMA DE LA PERGUA", LU-2172,

- proponer a la Consellería la rescisión del Consorcio del pastizal "LAMEIRUAS", LU-3282, en las 3,67 Hás. de su pertenencia, que en el futuro serán administradas por ellos mismos, resarciéndose la Consellería de los gastos habidos en la citada superficie con cargo a su participación en los beneficios que le correspondan por cortas de madera en el monte "PADRON", cuyo Convenio se propone.

